

Dados romanos

En Roma, o xogo dos dados era moi popular. Eles denominábano *tesserae*, e chegou a todos os lugares que conquistaron. Xogábase nas tabernas, garitos e burdeis e mesmo na rúa. Como se apostaba diñeiro acabou sendo unha obsesión para algúns romanos, incluso para certos emperadores, Cómodo ou Calígula, por exemplo. Finalmente foi prohibido polo goberno, excepto durante as Saturnais.

Isto fixo que o xogo se trasladase ó ámbito privado e que se cambiasen as moedas por fichas. Aínda que durante o Imperio tardío a prohibición xa se debiera abandonar, pois César Augusto xogaba coa familia no Palacio Imperial.

Na vila romana de Caldoval, Mugaros, atopouse un gobelete con dous dados en moi bo estado. Crese que os que asistían aos baños privados dunha das principais casas, xente de clase alta e con postos relevantes, dedicaban o seu tempo de lecer na palestra a exercicios ximnásticos e a xogos variados, entre eles, este.

O xogo dos dados está composto por dous dados e un gobelete. Os dados moitas veces tiña imperfeccións ou unha cara cargada con chumbo para que certos resultados foran máis probables.

Algúns xogos aos que xogaban eran:

lactus Tres: Cada xogador tiraba tres veces os dados e quedábase coa tirada máis alta. O que tiña a maior puntuación era o gañador.

Unus ut Duo: O primeiro xogador lanzaba un dado e logo os demais lanzaban de un en un os dous dados. O que conseguise igualar a tirada, era o gañador e o lanzador dun dado na seguinte man.

Javier Cartelle, 1º BAC A



Javier Cartelle García 1º BAC A